

PIROGRAVADOR

1. DATOS BÁSICOS SOBRE O OFICIO

1. Nomenclatura do oficio

Pirogravador

2. Outras denominacións

Non se contemplan.

3. Outras ocupacións do sector

Non se contemplan.

4. Área ou sector ao que pertence

Madeira, gravados,... sen ubicación específica.

5. Adscrición á clasificación CNAE

90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos.

6. Descrición sintética do oficio artesán

Os pirogravadores son artesáns que realizan gravados e debuxos, queimando selectivamente un soporte de madeira, coiro, papel,... mediante unha punta incandescente. O tipo de puntas que utilizan no queimado do soporte pode variar en función do tipo de material do mesmo. O pirogravado pode considerarse unha arte do debuxo, onde o claroescuro se fai queimando a madeira.

7. Principais funcións que desenvolve

- ◆ Calcado dos debuxos ou motivos para realizar o gravado.
- ◆ Realizar o pirogravado cos correspondentes útiles e ferramentas.
- ◆ Tintura, vernizado, encerado das pezas nas que se realizou o pirogravado.

2. DATOS SOBRE O PROCESO PRODUTIVO DA ACTIVIDADE

1. Fases do proceso

1. Fase I. Deseño da peza

- ◆ Nesta fase deséñase a peza, por parte do deseñador que conceptualiza o obxecto a realizar nun bosquexo ou debuxo a escala ou a tamaño natural. Tamén se pode deseñar a mesma con materiais coma barro. Este bosquexo ou figura previa utilizarase para a configuración da propia peza.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: materiais propios de debuxo e deseño (lápices, pinceis, cartóns, pinturas), ou pastas de modelar e os útiles necesarios para o modelado.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: deseñador, debuxante.

2. Fase II. Calcado

- ◆ Seleccionase o motivo a utilizar e superponse papel de calco sobre o mesmo para debuxar os contornos.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: materiais propios de debuxo e deseño .
- ◆ Postos de traballo que se asocian: deseñador, debuxante.

3. Fase III. Gravado

- ◆ En función da plantilla que obtivemos procedemos a realizar o pirogravado coa punta correspondente para marcar os trazos das figuras. Se queremos dar sombras ou afondar nos elementos, utilízanse diferentes tipos de puntas.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: pirogravador con diferentes tipos de puntas.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: conformador da peza, auxiliar de conformador da peza.

4. Fase IV. Tallado.

- ◆ Realizado o pirogravado, pódese darlle relieve ás figuras realizando a talla correspondente.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: instrumentos de talla típicos utilizados por tallistas de madeira (gubias, formóns, mazos, martelos,etc).
- ◆ Postos de traballo que se asocian: tallista.

5. Fase V: Tinguído

- ◆ Pódense tinguir os debuxos adaptándose ao contorno das figuras, formas, ...para resaltar máis ou menos o pirogravado realizado.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: pinceis, brochas, pistolas, etc.

- ◆ Postos de traballo que se asocian: vernizador.

2. Síntese do proceso



3. Técnicas utilizadas

Non se recollen técnicas específicas.

4. Instrumentos de traballo

1. Útiles e ferramentas

- Instrumentos de talla
- Lápicos
- Pinceis
- Pirógrafo

2. Equipos e máquinas

- Non se recollen

5. Contorna de traballo

1. Lugar e espazo de traballo

O espazo habitual de traballo son os talleres artesáns.

2. Ambiente e condicións de traballo

O traballo pode darse en condicións atmosféricas de exterior e interior.

3. RECURSOS NATURAIS UTILIZADOS

1. Descrición dos recursos. Localización Xeográfica. Proceso de obtención.

- Soporte. O soporte sobre o que se realiza o pirogravado pode ser madeira, coiro, papel, ..
- Tinturas
- Vernices
- Ceras

Os procesos de obtención dos recursos son mediante compra directa a almacéns especializados, ou reciclaxe e reutilización de produtos, no caso de madeiras.

4. PRODUTOS FINAIS

1. Principais tipos de produtos que realizan

- Produtos de ornamentación
- Utilaxe

5. OBSERVACIÓNS DO OFICIO

O pirogravado é un gravado con lume, como o seu nome indica. Trátase dunha técnica de longa tradición que apoia a outras artes, como a policromía, a esmaltación, moi empregada na arte do moble e na encadernación de luxo. Pode empregarse para decorar caixas, revisteiros, marcos,... pero tamén pode ser unha obra en si mesma, xa que polo seu carácter podémola comparar co debuxo a lapis, o gravado, a plumilla ou o carboncillo. Hoxe en día utilizamos o pirogravado eléctrico, moi cómodo e rápido, fundamentalmente sobre madeira, pero tamén pode empregarse en tela, papel, cortiza, etc. A súa técnica de pirogravado sobre chapas de madeiras autóctonas, emprégaa tanto en obras individuais como para a decoración de pezas de madeira.

6. DIAGRAMACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

